

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Subdirector de Internacional do Instituto Galego de Promoción Económica (en adiante IGAPE)

EXPON:

- Que a Asociación Cluster Naval de Galicia (en adiante ACLUNAGA) e o IGAPE están interesados en colaborar para a organización conxunta de actividades na feira Navalia 2022.
- Que serán obxectivos fundamentais desta colaboración organizar conxuntamente actividades no seo da feira Navalia 2022 co fin de achegar as empresas galegas a potenciais clientes internacionais e mellorar a formación dos directivos das mesmas. As actividades serán:
 - “ACLUNAGA Summit”: unha xornada de conferencias sobre cuestións de interese para o sector.
 - Misión inversa de empresas de diversos países.
- Que motívase a utilización da figura do convenio de colaboración en que a ACLUNAGA carece de ánimo de lucro na realización das actuacións obxecto do convenio, polo que a contribución pecuniaria responde a unha compensación dos gastos que terán que soportar de cara a lograr a efectividade e execución do convenio.
- Que mediante un convenio o IGAPE non encomenda unha xestión de servizos a ACLUNAGA, senón que traza un marco de colaboración no que une as experiencias e eidos de competencias de cadaquén para acadar un fin común de interese público como é o de robustecer o negocio naval de Galicia.
- Que para a realización das actuacións obxecto deste convenio o IGAPE propón financiar como máximo 24.500 €, con cargo á partida orzamentaria 06.A1.741A.6400, distribuídos nas anualidades que se indica a continuación:

ANUALIDADE	CONTRIBUCIÓN MÁXIMA
2022	24.500 €

- Se propón un convenio que teña unha duración ata o 30 decembro de 2022.

Polo exposto proponse a sinatura dun convenio de colaboración entre IGAPE e ACLUNAGA

O Subdirector de Internacionalización do IGAPE

Leopoldo Yeste Sánchez